

## NOTA DE PRENSA EMBARGADA ATA 18:00 HORAS

### Máis de 100 estudantes internacionais participan no proxecto universitario ‘O valor dos dereitos humanos no Camiño de Santiago’

- Este proxecto está organizado pola Organización Mundial do Turismo en colaboración co Grupo Compostela de Universidades e Helsinki España.
- A iniciativa identifica o Camiño de Santiago como un cruce exemplar dos valores que xorden do turismo sustentable e o diálogo entre culturas.

**Santiago de Compostela, 17 de marzo de 2018** – O proxecto internacional universitario ‘O valor dos dereitos humanos no Camiño de Santiago: potenciando o poder do turismo para promover o diálogo intercultural e a consecución dos obxectivos de desenvolvemento sustentable’ reúne en Galicia do 17 ao 23 de marzo a representantes de universidades de tres continentes para percorrer esta ruta de peregrinaxe e participar no Foro Internacional Universitario.

Na recepción de benvida aos estudantes e profesores, realizada na Universidade de Santiago de Compostela, o reitor Juan Viaño Rey destacou a dimensión deste proxecto internacional que “involucra a toda a comunidade universitaria: estudantes, profesores e reitores”. Ademais, explicou que a iniciativa é “unha realidade grazas ao esforzo e vontade de moitos actores. A Organización Mundial do Turismo, Helsinki España e o Grupo Compostela de Universidades, do que a Universidade de Santiago de Compostela é socio fundador”.

O secretario xeral de Universidades, José Alberto Díez de Castro, comentou na súa intervención que pensar o Camiño como método para promover o diálogo intercultural, os dereitos humanos e incluso os obxectivos de desenvolvemento sustentable "significa volver á orixe, á primeira causa e efecto das peregrinacións". Neste sentido, indicou que este proxecto conta co apoio da Xunta de Galicia porque comprenden “a importancia do turismo e a súa capacidade para buscar e lograr metas máis alá das económicas. Esta é a razón que da forza e sustento a moitos dos nosos grandes proxectos, como o mesmo Xacobeo”, resaltou.

Pola súa banda, a directora de membros afiliados da Organización Mundial do Turismo, Yolanda Perdomo, sinalou que “esta iniciativa é unha magnífica oportunidade para conseguir que os mozos fagan seus os obxectivos de desenvolvemento sustentable de Nacións Unidas, aplicándoos na práctica a través do desenvolvemento de produtos turísticos innovadores. O seu compromiso, e o das institucións educativas que representan, son a proba da transformación positiva da sociedade á que todos aspiramos”.

Dirixíndose aos participantes, a secretaria executiva do Grupo Compostela de Universidades, María Teresa Carballeira Rivera, lembroulles que partir de hoxe se converterían en peregrinos. “Viaxeiros que andan por terras estrañas e gozan dunha importante calidade, son libres e transmisores de valores e coñecementos”, explicou. Ademais, sinalou que a institución que dirixe se sente orgullosa de participar na iniciativa.

Na súa intervención, a presidenta de Helsinki España, Ana Nieto, destacou que este proxecto está promovendo o principal obxectivo da súa organización, que é “o estudio e a reflexión sobre os dereitos humanos”.

Tras este acto de benvida, os participantes no proxecto tomaron un bus para iniciar un percorrido a pé de cinco días polas diferentes rutas do Camiño e poñer en práctica os coñecementos adquiridos durante a formación previa. Este curso en liña, realizado entre xaneiro e marzo, abordou temas como o turismo sustentable, os dereitos humanos e os valores de solidariedade e cooperación vehiculados por esta ruta de peregrinaxe.

### **O Foro Internacional Universitario**

O día 22 de marzo, tras peregrinar divididos en catro grupos, reencontráronse en Santiago de Compostela para poñer o broche final ao proxecto e participar ao día seguinte no Foro Internacional Universitario. Nel asinarase unha Declaración institucional de reitores que recolle o compromiso das universidades participantes de traballar para alcanzar os obxectivos de desenvolvemento sustentable, protexer os dereitos humanos e promover un turismo que contribúa ao crecemento económico, a un desenvolvemento incluínte e á sustentabilidade ambiental.

### **Grupo Compostela de Universidades**

O Grupo Compostela de Universidades (GCU) é unha asociación internacional sen ánimo de lucro, que traballa en favor da colaboración e promove o diálogo en todos os ámbitos da educación superior. O GCU comezou a súa andaina no ano 1994 e desde a súa creación foi crecendo ata unir ao seu camiño a máis de 60 universidades de todo o mundo. Todos os peregrinos do Grupo Compostela de Universidades comparten os valores de cooperación e integración desenvolvidos en torno ao Camiño a Santiago.

## O proxecto

O proxecto internacional universitario ‘O valor dos dereitos humanos no Camiño de Santiago: potenciando o poder do turismo para promover o diálogo intercultural e a consecución dos obxectivos de desenvolvemento sustentable’ está promovido pola Organización Mundial do Turismo, o Grupo Compostela de Universidades e Helsinki España. Esta iniciativa consta de tres fases: curso en liña, percorrido do Camiño de Santiago e un Foro Internacional Universitario.

Na primeira fase estudantes e profesores dunha vintena de universidades internacionais completaron unha formación en liña de catro módulos sobre dereitos humanos, turismo, ética, cidadanía global e o seu reflexo no Camiño de Santiago. A partir de mañá e ata o próximo 22 de marzo percorreren 100 quilómetros da ruta de peregrinaxe para contrastar os retos de sustentabilidade identificados previamente coa realidade do turismo. Para iso, os participantes dividiranse en catro grupos e marcharán a pé polo Camiño Portugués, o Camiño do Norte, Camiño Francés e Camiño Mozárabe.

Todos os participantes concorrerán no Foro Internacional Universitario, a celebrar o próximo 23 de marzo no Paraninfo da Universidade de Santiago de Compostela, no que se asinará a Declaración de reitores. Nela recóllese o compromiso das universidades signatarias de traballar para alcanzar os obxectivos de desenvolvemento sustentable, protexer os dereitos humanos e promover un turismo que contribúa ao crecemento económico, a un desenvolvemento incluyente e á sustentabilidade ambiental.

## Universidades e institucións participantes

Copenhagen Business School (Dinamarca), Universidade de Fordham (Estados Unidos de América), Hospitality Business School Saxion, (Países Baixos), IESIDE Business Institute (España), KU Leuven, (Bélxica), Tulsa Community College (Estados Unidos de América), Universidade da Coruña (España), Universidade Adam Mickiewicz (Polonia), Universidade Complutense de Madrid (España), Universidade Donja Gorica (Montenegro), Universitat Jaume I (España), Universidade de Lima (Perú), Universidade de Minho (Portugal), Universidade de Monterrey (México), Universidade de Oklahoma (Estados Unidos de América), Universidade de Paris 1 Panthéon – Sorbona (Francia), Universidade de Santiago de Compostela (España), Ahfad University for Women (Sudán) e o Instituto Europeo de Itinerarios Culturais, Consello de Europa (Luxemburgo).

## Patrocinadores e colaboradores

Para facer realidade este proxecto foi necesaria a colaboración de diferentes colaboradores institucionais e empresariais: Xunta de Galicia, Turismo de Galicia, Universidade de Santiago de Compostela, Deputación de Pontevedra, Gas Natural Fenosa, Deputación de Lugo, Parlamento de Galicia, Consorcio de Santiago de Compostela, CORREOS, Erasmus Compostela, Goldcar, a Cátedra do Camiño de Santiago e as Peregrinacións, e TYSGAL – Territorio e Sustentabilidade.